

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 13 de outubro de 2015 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de outubro de 2015, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia.

O Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, e regulado na actualidade pola Lei 3/2014, do 24 de abril, é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e actúa con independencia respecto de calquera órgano e, en garantía dela, goza de autonomía orgánica e funcional, e os seus membros non están ligados por ningún mandato imperativo.

En materia de persoal, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece no seu artigo 11 que o persoal que presta servizos no Consello Consultivo de Galicia se rexe pola normativa reguladora deste órgano e, supletoriamente, por esta lei.

Así, a modificación da relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia xustifícase pola necesidade da adaptación da RPT á situación actual do organismo co fin de dar un maior e mellor cumprimento aos obxectivos que se ten marcado este órgano superior consultivo.

En consecuencia, por proposta do Consello Consultivo de Galicia, unha vez consultadas as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 8 de outubro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Apróbase a modificación da relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia, nos termos que se sinalan no anexo a este acordo.

Segundo. Ordénase a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* para os efectos da súa entrada en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Visto o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 8 de outubro de 2015, relativo á aprobación da modificación da relación de postos de traballo do



Consello Consultivo de Galicia, coa finalidade de cumprir o dito acordo, dispoño que se publique no *Diario Oficial de Galicia* como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2015

José Luis Costa Pillado
Presidente do Consello Consultivo de Galicia

CVE-DOG: najy6me6-73u9-1zw0-wn24-7wmt4dv0bn10





ANEXO

Relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia

Persoal funcionario

Código do posto	Denominación	Nivel	Tipo de posto	Forma de provisión	Grupo	Corpo/escala	Adscrición admóns. p.	Titulación académica	Formación específica	Complemento específico	Observacións
CCG 001	Secretario/a xeral	30	S	LD	A1	(1)	(2)	2062	640	26.901,00 €	
CCG 002	Letrado/a	30	S	C	A1	Letrado	(3)		640	21.631,80 €	
CCG 003	Letrado/a	30	S	C	A1	Letrado	(3)		640	21.631,80 €	
CCG 004	Letrado/a	30	S	C	A1	Letrado	(3)		640	21.631,80 €	
CCG 005	Letrado/a	30	S	C	A1	Letrado	(3)		640	21.631,80 €	
CCG 006	Letrado/a	30	S	C	A1	Letrado	(3)		640	21.631,80 €	
CCG 007	Letrado/a	30	S	C	A1	Letrado	(3)		640	21.631,80 €	
CCG 008	Letrado/a	30	S	C	A1	Letrado	(3)		640	21.631,80 €	
CCG 031	Xefe/a do Servizo de Xestión Económica e de Persoal e Habilitación	28	S	LD	A1/A2	Xeral	A11		640	13.698,72 €	
CCG 032	Sección de Estudos e Comunicación	25	N	C	A1	Xeral	A11	2058-2062	640	10.093,56 €	
CCG 033	Negociado de Habilitación	20	S	C	A2/C1/C2	Xeral	A11		640	6.083,52 €	
CCG 035	Secretario/a do/da presidente/a	20	N	LD	C1/C2	Xeral	A11		020/640	6.083,52 €	
CCG 036	Secretario/a do/da secretario/a xeral	18	N	LD	C1/C2	Xeral	A11		020/640	5.526,48 €	
CCG 037	Secretario/a do/da conselleiro/a	20	N	LD	C1/C2	Xeral	A11		020/640	6.083,52 €	
CCG 038	Secretario/a do/da conselleiro/a	20	N	LD	C1/C2	Xeral	A11		020/640	6.083,52 €	
CCG 039	Secretario/a do/da conselleiro/a	20	N	LD	C1/C2	Xeral	A11		020/640	6.083,52 €	
CCG 040	Secretario/a do/da conselleiro/a	20	N	LD	C1/C2	Xeral	A11		020/640	6.083,52 €	
CCG 045	Auxiliar administrativo	12	N	C	C2	Xeral	A11		020/640	4.881,60 €	
CCG 051	Subalterno/a	10	N	C	E	Xeral	A11		640	4.786,20 €	



**Personal laboral**

Código do posto	Denominación	Forma de provisión	Grupo	Categoría	Titulación académica	Formación específica	Observacións
020	Titulado/a de grao medio	C	II	7	3999	143	

(1) e (2) Segundo o artigo 22.2 da Lei 3/2014 (DOG núm. 80, do 28.4.2014).

(3) Segundo o artigo 30.2 da Lei 3/2014 (DOG núm. 80, do 28.4.2014).

Código-formación específica:

020: coñecemento de informática nivel usuario (mérito).

640: para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito imprescindible).

143: experiencia en técnicas de documentación (requisito imprescindible).

Código-titulación académica:

2058: licenciado/a ou grao en Ciencias Políticas e da Administración.

2062: licenciado/a ou grao en Dereito.

3999: diplomado/a universitario.

Código-descrición doutras administracións:

A11 Adscripción indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, doutras comunidades autónomas e do Estado.

